

O NOSO COMERCIO QUERE O TEU GALEGO

BASES DO CONCURSO DE DOUS VALES DE 50€ DA CAMPAÑA "O NOSO COMERCIO QUERE O TEU GALEGO" EN REDES SOCIAIS (FACEBOOK)

Organismo organizador

Concello de Moraña, con dirección rúa 1, nº2, Santa Lucía 36660 Moraña.

Ámbito e duración

O concurso levarase a cabo no Facebook do Concello de Moraña @concello.de.morana do día 5 ao 20 de decembro de 2022.

Cómo participar

Os participantes deben escribir un comentario na publicación do concurso no Facebook no que recomenden un establecemento do comercio local de Moraña do que sexan clientes e explicar o motivo da recomendación, sempre en galego.

Premios

Os premios serán dous vales de compra no comercio local de 50€ cada un.

Mecánica do sorteo

Os gañadores elixiranse de xeito aleatorio a través dunha aplicación o día 22 de decembro.

Os nomes dos gañadores daranse a coñecer no Facebook do Concello de Moraña @concello.de.morana e mediante chamada telefónica o mesmo día no que se realiza.

Recollida do premio

O gañadores deberán recoller o seu premio no Concello de Moraña, en horario de apertura ó público, durante os dez días naturais posteriores a realización do sorteo. Sendo o último o 2 de xaneiro de 2023, se nos fose recollido, o premio pasará ó suplente que terá 5 días naturais para recollelo.

No caso de que non o recollan volverá a realizarse o sorteo entre todos os participantes.

Os premiados poderán trocar os seus vales ata o 31 de xaneiro de 2023 en calquera dos establecementos de Moraña adheridos a este concurso.



CONCELLO DE MORAÑA



Actividade financiada pola Deputación
Provincial por importe de 2.811,30 €